



Concello de Lourenzá

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2024/14	O Pleno
DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Pleno substitutivo do que tería que celebrarse o día 21/11/2024

Data:

13/11/2024

Duración:

Dende as 11:06 ata as 12:18

Lugar:

Salón de Sesións

Presidida por:

ROCIO LOPEZ GARCIA

Secretario:

ANA BARREIRO GOMEZ

ASISTENCIA Á SESIÓN		
Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
33861773T	BELEN FANEGO BARREIRA	SÍ
76939624R	FRANCISCO JAVIER SUAREZ VAZQUEZ	SÍ
33321327P	JAVIER HUERTAS OTERO	SÍ
71865319W	MANUEL ARANGO RON	SÍ
33844382C	MARIO LEITÓN RAMALLAL	SÍ
77593740C	Mercedes Dengra Sixto	SÍ
33306541B	REMEDIOS GALLO FERNÁNDEZ	SÍ





Concello de Lourenzá

34636672Y	ROBERTO DÍAZ EXPÓSITO	SÍ
76580879X	ROCIO LOPEZ GARCIA	SÍ
77594453C	SANDRA GÓMEZ MARADONA	SÍ
33549271E	SONIA GAVINO REIGOSA	SÍ

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

1. Aprobación da acta da sesión anterior

A Señora Alcaldesa pregunta os concelleiros se teñen algunha obxección o borrador da acta da sesión anterior, a sesión ordinaria celebrada o día 18 de xullo de 2024 distribuido coa convocatoria.

Dona Remedios Gallo manifesta que na pregunta que eles fixeran das subvencións do Ano de Fernández del Riego non constan os gastos enumerados e pide que consten nesta Acta.

A continuación transcríbense os gastos enumerados:

- “E o desglose mais o menos foi:

Apertura Fernández del Riego:4.086,00 euros

Exposición de xoguetes:1.125,00 euros

Actuacións nas parroquias:8.960,00 euros

Actuacións deportivas: 11.308,00 euros

Visitas escolares: 660,00 euros

O día das letras galegas: 50.266,00 euros

Curso de verán:1.937,00 euros

Correlingua: 1.436,00 euros

2 libros:Bolechas (parte asumíuno o Concello) 4.004,00 euros e Lourenzá 3.208,00 euros

Actos 15 de xullo 600,00 euros”

Sometido a votación obtivo os votos a favor dos sete concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE, e tanto a concelleira do Grupo do BNG como os tres concelleiros do Grupo do PP abstivéronse, resultando aprobada.

2.Expediente 301/2024. Aprobación, se procede, da modificación da





Concello de Lourenzá

ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles .

A Señora Alcaldesa manifesta que, que a subida que se propón e algo o seu pesar, porque non se fixo en 9 anos, proponse subir o tipo impositivo do 0,55 tanto de rústica como de urbana o 0,70, dita subida e moi necesaria para financiar os servizos que se están a prestar a pesar doutras axudas que poida haber.

A voceira do BNG, manifesta que, entende o que dí a Alcaldía pero no ano 2020 o BNG presentara unha Moción que fora aprobada por todos en Pleno para a bonificación das explotacións agrarias e posteriormente a Alcaldía presentara outra no mesmo sentido, pero non se chegaran a aplicar por problemas na acreditación da titularidade das mesmas. Segundo os informes emitidos pola secretaria intervención para a conta xeral o orzamento predomina o sector económico terciario e pouco especializado e diversificado e orientado a cubrir fundamentalmente a demanda interna, sendo necesaria a especialización das explotacións non entende porque os veciños teñen que soportar esta carga fiscal debida a mala xestión por parte do Concello e pregunta se saben a canto ascende a subida, se teñen unha previsión nos orzamentos do ano que ven. A Señora Alcaldesa responde que a causa é máis que xustificada para aprobar a medida e respecto as explotacións agrarias si que existe unha bonificación do 95% por cento e as de uso non agrario un 50% pero non lles consta ningunha petición o que se pode facer e publicar que existen estas bonificacións. Dona Sandra manifesta que tamén podería ir para familias numerosas. A Señora Alcaldesa responde que na Ordenanza non figuran. Dona Remedios pide unha previsión como o BNG da subida e que ela fixo unha estadística con outros Concellos e imos ser o número cunha subida do 27% fronte a Burela cun IBI de urbana de 0,48% cun catastro revisado do 2017 e Xove ten un 0,60 cun catastro do ano 88, son estadísticas do Ministerio de Facenda a desfasarse Barreiros no 0,84 a media esta un 0,54. A Señora Alcaldesa responde que agora Xove está no 1,16. Don Manuel Arango di que, Xove é un dos Concellos máis ricos da Mariña. Dona Remedios manifesta que, era mellor facelo ano a ano. Unha vez finalizado o debate, e en virtude da atribución recollida nos artigos 22.2 d) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, o Pleno Municipal cos votos a favor, dos sete concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE e os votos en contra, da concelleira do Grupo do BNG e dos tres concelleiros do





Concello de Lourenzá

Grupo	do	PP,	ACORDOU	:
PRIMEIRO.- Aprobar provisoriamente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre bens inmobles nos seguintes termos:				
Artículo 2º.-				

1.- El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza urbana, queda fijado en el 0,70%.

2.- El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de naturaleza rústica, queda fijado en el 0,70%.

3.- El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles, aplicable a los bienes de características especiales: 1,30%.

4.- Quedarán exentos de tributación en el Impuesto los recibos y liquidaciones correspondientes a Bienes Inmuebles:

a).- Urbanos en los que su cuota líquida sea inferior a seis (6) euros.

b).- Rústicos en el caso de que, para cada sujeto pasivo, la cuota líquida corresponde a la totalidad de los bienes rústicos poseídos en el término Municipal sea inferior a seis (6) euros.

SEGUNDO.- Sometelo presente acordo plenario a exposición pública a efectos de reclamacións, durante 30 días hábiles, e anunciado mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello de acordo co establecido no artigo 17 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refuncido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o procedemento ata a súa conclusión, de conformidade co previsto no citado artigo 17 do RD Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refuncido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e a nova redación da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no Boletín Oficial da Provincia, segundo dispón o número catro do artigo 17 da citada Lei.

CUARTO. - Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura de tanta documentación sexa necesaria para a execución do presente acordo.

3.Expediente 442/2024. Aprobación, se procede, da modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servicio de subministro da auga





Concello de Lourenzá

A señora Alcaldesa manifesta que, xa fai moitos anos que non se subía, faise en base o estudio económico que fixo a empresa que xestina a auga, o servicio é deficitario, o que se está a subir e a diferenza entre o ano 2017 e o actual 2024 subese nun 24%, co canon era compensaba o déficit pero agora mesmo e deficitario e por eso se propón

A voceira do BNG manifesta que, a auga é un ben de primeira necesidade como dixo a Alcaldía, as dificultades da actual Corporación non as deberían de soportar os veciños, sobre todo coa mala campaña de faba que tiveron este ano, e que o ano que afronten esa subida, dende o Concello non se fixo ningún gasto para levar a auga o resto das parroquias, ningunha mellora no servicio de abastecemento e saneamento, sendo un servicio básico, e se se fixeron eu ignoro e debería de haber outras formas para afrontalo. Non e a mellor forma para que a xente se asente no rural se non hai servizos e non son os servizos adecuados para a época na que vivimos.

A Señora Alcaldesa responde que a baixada do 10 % no ano 2017 da auga fixose en base un s estudio economico da empresa adxudictaria que se trasladou os veciños. En canto que non se fixeron melloras obras non é así, case todos os anos en base as subvencións da Xunta fanse melloras na rede ou o mellor non se sabe xq as fai a empresa que leva a auga. Don Manuel manifesta que, se se quere servizos hai que subir os impostos eso e así.

O Voceiro do PP, manifesta que, non entende porque non sea fixo a subida ano a ano, como fan as empresas, normalmente a principios de ano, se había déficit quen o asumía e hai xente que non ten auga municipal e estano pagando.

A Señora Alcaldesa responde que, ata agora compensabase co canon que ingresaba a empresa e o mesmo pasa co alumeado público.

Dona Remedios pregunta polo coste do servicio no ano 2023, para poder aprobar estas taxas non é obrigatorio unha previsión.

A señora Alcaldesa manifesta que, xa está no expediente cos ingresos e gastos para o ano 2025 no estudio que fixo a empresa.

Unha vez finalizado o debate, e en virtude da atribución recollida nos artigos 22.2 d) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora de Bases do Réxime Local, o Pleno Municipal cos votos a favor, dos sete concelleiros do Grupo PS-d-GA-





Concello de Lourenzá

PSOE e os votos en contra, tanto da concelleira do Grupo do BNG e dos tres concelleiros do Grupo do PP, ACORDOU :

PRIMEIRO.- Aprobar provisoriamente a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa polo servizo de subministro da auga nos seguintes termos:

" ARTÍCULO 3.- CUANTÍA.

1.- A contía da Taxa regulada en esta Ordenanza será a fixada na tarifa contenida no apartado seguinte:

1.- SERVICIO DE ABASTECIMIENTO	
1.1.Tarifas Abonados Domésticos	
- Cuota Fixa	4,692 €/ab.mes
- Consumo	
- 1º Bloque de 0 A 10M3/abon.mes	0,463 €/m3
- 2º Bloque de 10 a 20 m3/ab mes	0,514 €/m3
- 3º Bloque más de 20 m3/ab mes	0,635 €/m3
1.1.Tarifas Abonados No Domésticos	
- Cuota Fixa	5,365 €/ab.mes
- Consumo	
- 1º Bloque de 0 A 10M3/abon.mes	0,542 €/m3
- 2º Bloque de 10 a 20 m3/ab mes	0,590 €/m3
- 3º Bloque más de 20 m3/ab mes	0,710 €/m3
1.2.- Cuota de mantemento de acometidas	0,601 €/ab.mes
1.3.- Cuota de mantemento de contadores	0,601 €/ab.mes
1.4.- Dereitos de enganche e acometidas á rede	436,30 €/ud
1.5.- Alta no servizo dun enganche preexistente	64,09 €/ud.
2.- SERVICIO DE SANEAMIENTO	
2.1.- Tarifas	
A)Para abonados con servizo de saneamento	
- Cuota Fixa	3,778 €/ab.mes





Concello de Lourenzá

- Por cada m3 consumido en abastecemento	0,379 €/m3
B) Para abonados sen servicio de saneamento	
-Cota fixa	7,45 €/ab.mes
2.2.- Cuota de alta no servicio.	32,06 €/ud.
2.3.- Cuota tributaria por autorización de acometida á rede de alcantarillado	
- Se ten arqueta	60,37 €/ud.
- Se non ten arqueta	181,11 €/ud.
3.- XESTION DE COBRO A IMPAGADOS.	
-Cobro ós abonados morosos dos gastos ocasionados polo expediente e pola comunicación dos recibos pendentes de pago	5,15 €/ud.
4.- DESPRECINTADO DE CONTADOR	
-Por desprecintado de contador: precintado por baja voluntaria	23,47 €/ud
5.-CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DE RACORES	
- Por conexión á rede e precintado dos racores de contadores non colocados polo personal do servicio.	23,47 €/ud
6.-PRECIO POR COMPROBACION DE CONTADOR DO ABONADO CON CONTADOR PATRON	
- A petición do abonado: por comprobación da medición do contador del.	23,47 €/ud
LISTA DE PREZOS DE ACOMETIDAS E CONTADORES	
A.- SERVIZO DE ABASTECIMENTO	
1.- PREZO DE ACOMETIDAS	
Faise o cálculo en base á acometida normal de 5m. de lonxitude media (1 a 5 m.).	
Materiais	
- Ud. De collarín de toma	
- Ud. Enlaces	





Concello de Lourenzá

- Tubaria de P.E.B.D: 1 a 5 m.				
- Ud. Chave de paso				
-Tapa de fundición de 15 x 25				
Obra civil				
- Ud de Arqueta para colocación da tapa de 15 x 25				
- 1 a 5 m.l. de (apertura, peche e reposición de pavimento).				
- Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanja.				
0 Acometida	Terra (A)	Asfalto (B)	Baldosa-acera (C)	
¾"	246,56	317,01	377,56	
1"	267,99	338,20	397,99	
1 1/4"-1 1/2"	322,40	393,37	453,14	
2"	383,68	453,14	513,68	
Incremento no precio da acometida para lonxitudes superiores ós 5 m.				
Acometidas de más de 5 mts.	¾"	1"	1 ¼"-1 ½"	2"
(A) incremento Euros por m.	12,00	14,08	20,08	33,72
(B) incremento Euros por m.	26,47	28,54	34,58	48,12
(C) Incremento Euros por m.	31,86	33,82	39,82	53,42
2.- CONTADORES				
2.1.- Contador de 0				





Concello de Lourenzá

13/15/20 mm. en batería de contadores o similar - Contador - Válvula antiretorno -Pezas de conexión -De 13/15 mm. -De 20 mm.	99,17 €/ud. 128,47 €/ud.
2.2.- Contadores de diámetro superior a 20 mm. - Farase presuposto para cada caso.	
2.3 Tarifa de Contadores (Sen colocación)	
0 13 mm.	71,66 Eur/ud
0 15 mm.	71,66 Eur/ud
0 20 mm.	100,96 Eur/ud
0 25 mm.	164,45 Eur/ud
0 30 mm.	229,88 Eur/ud
0 40 mm.	356,48 Eur/ud
0 50 mm.	778,60 Eur/ud
0 65 mm.	965,25 Eur/ud
B.- SERVICIO DE SANEAMIENTO	
Unidades de acometida de auga residual formada por arqueta de saída, tubaría de P.V.C. 0 160/200/5 atm., incluída escavación, recheo, demolición e reposición de firme no seu caso, así como conexión a pozo,colector existente con peza estanca específica para unha lonxitude máxima de 4 m e unha profundidade máxima de 2m.	
ZANJA EN TIERRA	454,47 Euros/ud.
ZANJA EN ASFALTO	506,09 Euros/ud.
ZANJA EN ACERA	574,04 Euros/ud.
NOTA	Tódolos prezos veranse incrementados co I.V.A. correspondente."





Concello de Lourenzá

SEGUNDO.- Sometelo presente acordo plenario a exposición pública a efectos de reclamacións, durante 30 días hábiles, e anuncialo mediante a publicación no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro de Anuncios do Concello de acordo co establecido no artigo 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

TERCEIRO.- Elevar a definitivo este acordo se non se presentan reclamacións ó mesmo e continuar o procedemento ata a súa conclusión, de conformidade co previsto no citado artigo 17 do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. O acordo definitivo resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e a nova redacción da Ordenanza modificada haberá de ser publicado no Boletín Oficial da Provincia, segundo dispón o número catro do artigo 17 da citada Lei.

CUARTO. - Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura de tanta documentación sexa necesaria para a execución do presente acordo.

4. ASUNTOS DECLARADOS URGENTES

- Delegar na Deputación Provincial de Lugo tódalas competencias do concello en materia de recadación (tanto en voluntaria como en executiva) da taxa pola recollida de lixo e da Taxa por entrada de vehículos a traves das beirarrúas e as reservas de vías públicas para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

A señora Alcaldesa manifesta que, se trae como asuno urgente delegar na Deputación Provincial de Lugo tódalas competencias do concello en materia de recadación (tanto en voluntaria como en executiva) da taxa pola recollida de lixo e da Taxa por entrada de vehículos a traves das beirarrúas e as reservas de vías públicas para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

A Señora Alcaldesa somete a votación a urxencia do asunto, que e APROBADA pola maioría absoluta do Pleno Municipal, cos votos a favor, dos sete concelleiros do Grupo PS-d-GA-PSOE e as abstencións, tanto da concelleira do Grupo do BNG como dos tres concelleiros do Grupo do PP.

A señora Alcaldesa pasa a expoñer a seguinte proposta:

“ PROPOSTA DE ALCALDÍA

Visto que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo número 041 do día 19 de febreiro de 2008, publicanse as Bases que rexen a aceptación e asunción, por delegación expresa, de competencias en materia de xestión, inspección e





Concello de Lourenzá

recadación en relación a tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público, así como o alcance e contido da delegación efectuada, entre outros polo Concello de LOURENZA, sendo tamén publicado no Diario Oficial de Galicia número 46 do día 5 de marzo de 2008.

Visto o acordo adoptado polo Concello de Lourenza con data de 27/12/2007 sobre as novas Bases do Convenio que rexirá a delegación de competencias en materia de xestión, inspección e recadación de tributos, prezos públicos e outros ingresos de dereito público en favor da Deputación Provincial de Lugo.

Visto o artigo 106.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 7 do RD 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O Concello de Lourenzá amplía a delegación de competencias, a cal terá que ser aprobada polo acordo adoptado polo Pleno da Corporación Municipal é aceptado pola Deputación Provincial, segundo o tenor literal seguinte:

PRIMEIRO.- Delegar na Deputación Provincial de Lugo tódalas competencias do concello en materia de recadación (tanto en voluntaria como en executiva) das seguintes taxas municipais segundo as bases conforme ás que este Concello ten delegadas as mencionadas facultades respecto doutros tributos municipais:

- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa por entrada de vehículos a traves das beirarrúas e as reservas de vías públicas para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

SEGUNDO.-Solicitarlle á Deputación Provincial de Lugo a máxima colaboración no exercicio das competencias de xestión e inspección en relación ás devanditas taxas.

TERCEIRO. - Remitir certificación do presente acordo á Deputación Provincial de Lugo para o seu coñecemento e demais efectos.

CUARTO. - Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura de tanta documentación sexa necesaria para a execución do presente acordo.

En Lourenza a, data da sinatura á marxe

A Alcaldesa

Asdo.Rocío López García"

A voceira do BNG manifesta que, ela non ten coñecemento da proposta , que de





Concello de Lourenzá

cando é e quixase de porque non se lle enviou.

O Voceiro do PP tamén manifesta que, non lles constaba e que a proposta da Alcaldía esta cargada no expediente do Pleno pero no apartado da modificación da ordenanza da auga.

Previa deliberación ó efecto, e en virtude do artigo 106.3 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 7 do RD 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Pleno da Corporación, con sete votos a favor, do Partido Socialista de Galicia-P.S.O.E., e catro abstencións, tres do Partido Popular e unha do B.N.G., ACORDA:

PRIMEIRO.- Delegar na Deputación Provincial de Lugo tódalas competencias do concello en materia de recadación (tanto en voluntaria como en executiva) das seguintes taxas municipais segundo as bases conforme ás que este Concello ten delegadas as mencionadas facultades respecto doutros tributos municipais:

- Taxa pola recollida de lixo.
- Taxa por entrada de vehículos a traves das beirarrúas e as reservas de vías públicas para aparcamento, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

SEGUNDO.- Solicitalle á Deputación Provincial de Lugo a máxima colaboración no exercicio das competencias de xestión e inspección en relación ás devanditas taxas.

TERCEIRO. - Remitir certificación do presente acordo á Deputación Provincial de Lugo para o seu coñecemento e demais efectos.

CUARTO. - Facultar á Sra. Alcaldesa para a sinatura de tanta documentación sexa necesaria para a execución do presente acordo.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

5. DACIÓN DE CONTA:1-PMP 3T 2024.2-EXECUCIÓN ORZAMENTARIA TRIMESTRAL 3T 2024.3-LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2025.

A Señora Alcaldesa expón que, se lles deu coñecemento do seguinte:

- 1- PMP 3T 2024:28,94 días
- 2-EXECUCIÓN ORZAMENTARIA TRIMESTRAL 3T 2024.
- 3-LIÑAS FUNDAMENTAIS DO ORZAMENTO 2025.

O Señores Concelleiros danse por enterados.

6.DACION DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DENDE O





Concello de Lourenzá

13/07/2024 ATA O 01/11/2024

A Señora Alcaldesa manifesta que, se lles deu coñemento das Resolucións da Alcaldía dende o día 13/07/2024 ata 01/11/2024.

A voceira do BNG pide explicacións de varias Resolucións, entre elas a de un de outubro polo pago de unha multa de Augas de Galicia de 5.000,00 euros.

A Señora Alcaldesa responde que, é unha multa da presa de Santo Tomé porque é necesario un director de explotación que ten que ser enseñoiro de camiños e non hai ninguén na plantilla, eso ven de fai moitos anos, fixeron unha inspección e solucionáronse moitas cousas pero esa segue pendente porque non se atopa quen se faga cargo.

A voceiro dO BNG segue preguntando pola sanción de outubro de 5.250,00 euros de Calidade Ambiental.

A Señora Alcaldesa responde que e por unha inspección e tocounos.

A voceira do BNG pregunta pola Resolución de devolución de 85.000,00 euros do ARI.

A Señora Alcaldesa responde que, o ARI vai en varias anualidades e non se pode pedir a un veciño que pidan unha subvención. porque o mellor non ten necesidade.

A voceira do BNG, manifesta que, agora entende porque eses cambios nas axudas, os cambios nas partidas, estase a xogar con eso.

A voceira do BNG, pregunta pola obra no campo de fútbol era o de herba natural ou artificial, canto tempo fai que se arranxou o alumeado.

A Señora Alcaldesa responde que é o de artificial e que o alumeado do campo de fútbol non se cambiara cando se fixo e agora faise coa subvención.

C) ROGOS E PREGUNTAS

Rogo BNG: Os vehículos municipais aparecen a miúdo estacionados no Cantón

M. ^a Belén Fanego Barreira concelleira do Grupo Municipal do **BNG** no Concello de Lourenzá, presenta ao Pleno Municipal o seguinte **ROGO** :

Os vehículos municipais aparecen a miúdo estacionados no Cantón o que implica que outros usuarios sigan ese exemplo e tamén aparquen os seus coches neste espazo en principio orientado cara o lecer dos veciños e visitantes, ademais de zona de xogos dos nenos. Sería oportuno **reservar** algún lugar para que os empregados que utilizan estes vehículos poidan deixalo con comodidade nun lugar destinado a isto e non precisen percorrer longas distancias para cumprir





Concello de Lourenzá

coas súas tarefas. A Praza César Chavarría Pacio ou Paseo de Oya podían ser unha opción.

A Señora Alcaldesa responde que, o fan por traballo, se o fan fora das horas de traballo non deberían e xa avisei que o tractor non o aparcaran.

A Portavoz do BNG di que, non é en contra, é a favor e para mellorar a imaxe.

Rogo BNG: Sinalizar de modo axeitado os distintos pasos de peóns do núcleo urbano

M. ^a Belén Fanego Barreira concelleira do Grupo Municipal do **BNG** no Concello de Lourenzá, presenta ao Pleno Municipal o seguinte **ROGO** :

Que se proceda a sinalizar de modo axeitado os distintos pasos de peóns do núcleo urbano da Vila posto que varios deles semellan duplicados, é dicir pasos elevados que conviven coas marcas horizontais dos pasos antigos.

A Señora Alcaldesa responde que, os elevados sinalizados están.

Rogo BNG: Creación dunha canle de comunicación ou grupo de difusión de whatsapp do Concello

M. ^a Belén Fanego Barreira, concelleira do **BNG** no Concello de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta o seguinte **ROGO**: Propoñemos que se valore a creación dunha canle de comunicación ou grupo de difusión de whatsapp do Concello onde achegar bandos, avisos ou información de interese municipal a todo veciño que solicite incluírse nela.

A Señora Alcaldesa responde que, hai unha aplicación a través de turisgalicia de whatsapp donde se manda un alta e podese volver a publicitar.

Rogo BNG :Cooperación e a axuda dos convenios ofrecidos por Lugomadera

M. ^a Belén Fanego Barreira concelleira do Grupo Municipal do **BNG** no Concello de Lourenzá, presenta ao Pleno Municipal o seguinte **ROGO** :Que busquen a cooperación e a axuda dos convenios ofrecidos por **Lugomadera** (entidade que ofrece asesoramento integral no sector da transformación da madeira) para garantir o bo estado das pistas forestais cando se producen cortas no monte, o que implican o paso de vehículos de grande tonelaxe polas mesmas, e que acaban por quedar intransitables na maioría das ocasións.

Esta opción xa é empregada por concellos veciños con problemática similar, algo que podería facerse en Lourenzá dado que aquí non ven con bos ollos o depósito





Concello de Lourenzá

de fianzas previo a realización das cortas de madeira. A Señora Alcaldesa responde que, nos esto témolo dende o ano 2021 somos dos únicos , somos sete Concellos na Mariañ, é un convenio con Lugomadera donde eles teñen unhos asociados e a Asociación responde desas boas prácticas, hai unha aplicación donde volcan os maderistas os traballos, cando comezan e cando rematan pero e complicado no día a día porque é necesario unha persoa que se ocupe do tema. A Ordenanza non se está a aplicar.

Rogo PP : ROGO ALCANTARILLADOS E CALEXÓNS DA VILA

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, traslada para o vindeiro Pleno do Concello de Lourenzá o seguinte ROGO

Visto o estado lamentable das alcantarillas. que están a rebosar de suciedade dende fai anos sen que se realice a súa limpeza, consideramos que é unha cuestión importante e imprescindible que debe ser abordada polo goberno local. Ademais, queremos chamar a atención sobre os calexóns da vila, en particular ocalexón dos fornos e o calexón que percorre detrás das casas de Manolo de David e Maragatos. Estes espazos están totalmente abandonados en canto a limpeza e mantemento, e a acumulación de humidade e musgo fai que o seu chan sexa perigosamente resbaladizo.

Dende o goberno do Partido Popular de Lourenzá ROGAMOS que se proceda á limpeza e acondicionamento tanto das alcantarillas como dos calexóns o antes posible, para garantir a seguridade e o benestar dos veciños.

A Señora Alcaldesa responde que, tomo nota, as alcantarillas xa se estiveron limpando e incluso cunetas nas parroquias e o calexons abandonados non están, xa se limparon e se non lles da o sol teñen verde.

Pregunta PP: PORTAL DE TRANSPARENCIA E WEB DO CONCELLO

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta novindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación municipal, a seguinte PREGUNTA:

o PP de Lourenzá quere manifestar a súa preocupación respecto á falta de resposta sobre a actualización do portal de transparencia. En varias convocatorias de plenos, fixemos a mesma pregunta e seguimos sen obter unha





Concello de Lourenzá

res posta clara, o que nos leva a pensar que este tema non se está tomando en serio. Se non se actualiza este portal, veremosenos na obriga de solicitar a inscrición íntegra das actas de plenos. No último pleno, pedimos que se fixera un resumo das actas, pero non podemos arriscar o que se discute sen un portal de transparencia que sexa coherente e honrado. Se non se toman medidas, renunciaremos ao acordado no anterior pleno e solicitaremos a inscrición íntegra das actas. Ademais, a páxina web do Concello presenta numerosas carencias en canto á actualización. Seguiremos insistindo, se é necesario por outros medios, para que se poña ao día de inmediato. "Ouen non é transparente e porque non quere ser ou porque ten algo que ocultar". Parece que este é o caso, xa que levamos toda a lexislatura solicitando esa transparencia que, lamentablemente, segue sen chegar. Por iso, preguntamos: cales son as razóns polas que o portal de transparencia segue sen estar activo e cando pensan poñelo ao día, se é que realmente teñen esa intención?

A Señora Alcaldesa responde que, hai intención de que cando se contrate a persoa que se necesita se mellore neste sentido, e dicir, que se encargue das actas e do portal de transparencia.

Pregunta PP : FAROLAS SANTO TOME

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación municipal, a seguinte PREGUNTA: a parroquia de Santo Tomé, como xa dixemos en algunha ocasión e mesmo dende o BNG, tamén lle fixeron un Rogo, siguen moitas farolas sen luz e sobre todo no final da recta en dirección a San Xurxo. Cal é o motivo de non dotar de luz a estas farolas? Van seguir así, ou vanse reparar?

A Señora Alcaldesa responde que, ata a semana pasada había moitas mais, a semana pasada estiveronse arreglando a fase enteira e quedan tres hacia o fondo da recta que non as deron arreglado.

Pregunta PP: CAMIÑO CARRETERA LU-P-2801 A LU-122 SANTO TOME

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación municipal, a seguinte PREGUNTA

Na parroquia de Santo Tomé hai un camiño, que segundo unha veciña é





Concello de Lourenzá

municipal e está sempre en mal estado; tratase do que vai dende a LU-P-2801, xunto a Fabas Maruxa a LU-122. Poden dicirmos se é de competencia municipal e de ser así, cando pensan actuar neste camiño? A Señora Alcaldesa responde que, segundo o catastro figura a nome da Deputación pero e un error do catastro si que sería municipal e témolo que limpar.

Pregunta PP: CASA CANDIDO CORTIÑAS PRAZA LINARES RIVAS

Roberto Díaz Expósito, na súa calidade de portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular de Lourenzá, ao abeiro da lexislación vixente, presenta, para a súa resposta no vindeiro Pleno ordinario que celebre a Corporación municipal, a seguinte PREGUNTA Recentemente, o grupo do Partido Popular de Lourenzá remitiu á prensa a preocupación que xera a proliferación de pombas na nosa vila. Este é un tema de alarma social que require unha solución urxente, como xa foi solicitado en outras ocasións por este grupo. Sen embargo, seguimos sen ver acción concretas por parte do goberno local para abordar esta problemática. É importante lembrar que, por lei, corresponde ás competencias municipais a execución das obras necesarias para garantir a conservación das edificacións en condicións de seguridade e salubridade, especialmente cando os seus propietarios, neste caso, a Fundación Martínez Otero de Foz, non están a levar a cabo estas acción ou, se se lles requiriu en algunha ocasión por parte do Concello, fixeron caso omiso.

A situación actual, derivada da presenza masiva de pombas, atenta contra estas competencias e pon en risco a saúde e o benestar dos veciños. En concreto falamos dunha casa que está abandonada e invadida non só pola parte dianteira, senón tamén pola fachada traseira, onde as ventás están totalmente abertas, permitindo que as pombas acampan e crían as súas anchas. Isto provoca insalubridade no entorno da Praza Linares Rivas e arredores. Vostedes son coñecedores desta situación dende fai tempo, xa que se lles presentou un escrito sobre o tema, do que non deron resposta a día de hoxe.

Por todo isto, preguntamos: Cando pensan tomar medidas sobre este tema que é de especial urxencia?

A Señora Alcaldesa responde que, é mellor deixala para o seguinte Pleno e tratala coa Moción presentada.

A señora Alcaldesa non habendo mais asuntos a tratar levanta a sesión.





Concello de Lourenzá

Documento asinado dixitalmente

Cod. Validación: 9XKHY7G6IQEMGO5GH5Y3PWCPD
Corrección: <https://concellodeLourenza.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 18

Concello de Lourenzá

Prza. do Conde Santo-Vilanova , s/n, Lourenzá. 27760 (Lugo). Tfno. 982121006. Fax: 982121506

